

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 16 de febreiro de 2007

### SEÑORES/AS ASISTENTES:

D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. José Manuel Couto Pérez  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

### NON ASISTEN:

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezaseis de febreiro de dous mil sete e baixo a presidencia da segunda tenente de alcalde, Sra. Molares Pérez, por ausencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

#### **1(160).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión

#### **2(161).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA PROXECTOS DE INSTALACIÓN DE PARQUES INFANTILES E ÁREAS DE PRÁCTICA DEPORTIVA. EXPTE. 3697/446**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 16.02.07, conformado polo concelleiro delegado de Xardíns, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*A Xunta de Goberno da Excm. Deputación de Pontevedra en sesión celebrada o 19 de xaneiro de 2007 adxudicou a empresa Contenur España S.L. o concurso para proceder a instalación de parques infantís e áreas deportivas ofrecendo a posibilidade o Concello de Vigo de participar en tal proxecto.*

A tal efecto o Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 13 de febreiro de 2007 redactou un informe no que se detalla a seguinte relación de Parques Infantís e Áreas de Práctica Deportiva:

PARQUES INFANTÍS:

- Interiores de Riveira Atienza
- Zona Verde do Museo Liste
- Interiores rúa Couto San Honorato e rúa Filipinas
- Pedro Alvarado
- Anexo Iglesia Parroquial de Bouzas
- Praza da Independencia
- Praza do Rei
- Rúa Venezuela
- Asociación de Veciños Pardavila
- Rúa Ronda de D. Bosco e rúa Progreso

ÁREAS DEPORTIVAS:

- Interiores de Rivera Atienza
- Zona de Coia
- Pista deportiva Juan XIII
- Pista deportiva Camilo José Cela

A tal efecto e co obxecto de poder participar no proxecto indicado faise a Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA:**

1.- Solicitar a Excmá Deputación de Pontevedra a subvenición correspondente para o proxecto de instalación de parques nas zonas indicadas e según a prioridade descrita no informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns.

2.- Financiar por parte do Concello de Vigo con cargo o presuposto un 10% sobre o importe total de cada área que se conceda atendendo o acordo da Xunta de goberno da Excmá. Deputación de Pontevedra de 19 de xaneiro de 2007; para o cal se procederá a incoación por parte do centro xestor correspondente do oportuno expediente para posibilitar a necesaria cobertura presupostaria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.